

**‘CAMPIONATO TERRITORIAL’
2ª DIVISIÓN INFANTIL MASCULINA**

1

FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Esta competición disputarase en tres (3) fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª FASE ou LIGA REGULAR: Os trinta e catro (34) equipos participantes distribuiranse en tres (3) grupos, dous de nove (11) equipos e un de doce (12) equipos, e xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta.

2ª FASE ou FASE FINAL:

ELIMINATORIA polo TÍTULO:

A disputarán os equipos clasificados no primeiro (1º) posto da Liga Regular en cada un dos tres (3) Grupos da 1ª Fase ou Liga Regular. Xogarase polo sistema de “Triangular”, xogando todos contra todos a unha volta nunha mesma sede e nun mesmo día.

ELIMINATORIAS		DÍA DE CELEBRACIÓN
Eliminatoria 1	Primero Grupo 1 – Primeiro Grupo 2	Sábado ou Domingo 28-29/03/20
Eliminatoria 2	Perdedor Eliminatoria 1 – Primeiro Grupo 3	Sábado ou Domingo 28-29/03/20
Eliminatoria 3	Vencedor Eliminatoria 1 - Primeiro Grupo 3	Sábado ou Domingo 28-29/03/20

Os horarios por parte do equipo locatario, se fixarán en base as distancias kilométricas (NO.RE.BA.GA.)

O vencedor e primeiro (1º) clasificado desta ELIMINATORIA polo TÍTULO terá o dereito a participar na eliminatoria previa a partido único* (Eliminatoria pola Final Four) entre o 5º Clasificado da División de Honra Infantil Masculina e o 1º Clasificado da 2ª Infantil Masculina.

2

DATAS DE CELEBRACIÓN

1ª FASE ou LIGA REGULAR:

Desenvolverase entre os días 05 de Outubro de 2019 e o 22 de Marzo de 2020.

2ª FASE ou FASE FINAL:

ELIMINATORIA polo TÍTULO:

Desenvolverase o día 28 ou 29 de Marzo de 2020.

***ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR:**

EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
1º Clasificado na 2ª División Infantil Masculina	5º Clasificado na División de Honra Infantil Masculina	18 ou 19 de Abril 2020
A eliminatoria se disputará a partido único e por defecto na pista do equipo de 2º División.		

3ª FASE ou FINAL FOUR:

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
SEMIFINAL 1	3º Clasificado División de Honra Infantil Masculina	4º Clasificado División de Honra Infantil Masculina	25 de Abril de 2020
SEMIFINAL 2	2º Clasificado División de Honra Infantil Masculina	Vencedor Eliminatoria Pola Final Four	25 de Abril de 2020

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
3º E 4º POSTO	Perdedor Semifinal 1	Perdedor Semifinal 2	26 de Abril de 2020
FINAL	Vencedor Semifinal 2	Vencedor Semifinal 1	26 de Abril de 2020

3

DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NA FASE ESTATAL

1º Representante:

Accederá directamente a Fase Estatal do Campionato Infantil Masculino o equipo clasificado en primeiro (1º) lugar da 1ª Fase ou Liga Regular da División de Honra Infantil Masculina.

2º Representante:

No caso de que a Federación Galega conte con, polo menos, vintecinco (25) equipos na categoría Infantil Masculina participando nas diferentes competicións da categoría, contará cunha segunda plaza na Fase Estatal que se outorgará o vencedor da 2ª Fase ou Final Four.

No caso de que un club teña equipos en División de Honra e en 2ª División da mesma categoría; o/s equipo/s da inferior división so poderán acceder a Eliminatoria pola Final Four no caso de que o equipo de División de Honra acceda directamente a Fase Estatal como 1º Clasificado da Liga Regular ou quede clasificado nos postos 6º, 7º, 8º, 9º, 10, 11º e 12º da devandita liga.

Vacante por Renuncia ou Invitación:

No caso de xerarse unha vacante na Fase Estatal, por renuncia ou por invitación por parte da RFEBM, os dereitos de participación pasarán por este orde, primeiro o 2º Clasificado da Final Four, despois o 3º Clasificado da Final Four e por último, o 4º Clasificado da Final Four.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas normas específicas do Campionato Territorial da DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL MASCULINA complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os

4

aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devenditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.

Os dereitos deportivos de todos os equipos de cara á tempada 2020/21 están condicionados aos acordos de asemblea xeral que terá lugar no último trimestre de 2019.